

O PRINCIPIÑO

Dende a área de educación física, preparouse un musical co alumnado de sexto de primaria baseado no proxecto da biblioteca “**Agronautas en órbita** “, versado no universo. Esta fermosa aventura fíxose a través da obra “ O principiño “ do autor francés Antoine de Saint – Exupery. Comezamos en setembro e en educación física dedicóuselle todo o curso ao seu desenvolvemento. Partindo desta obra abarcáronse todos os contidos da área. Ademais foi un traballo interdisciplinar tocando practicamente tódalas áreas do currículo (lingua, lingua, plástica, música, ciencias sociais, educación física...).

Empezouse polo texto da obra coa súa lectura e interpretación nos meses de outubro e novembro. En decembro, gravamos o texto das diferentes escenas na radio e de xaneiro a xuño elaboráronse e traballáronse as distintas figuras de acrosport, coreografías, expresión dramática e ximnasia rítmica e deportiva.

O musical do principiño consta de catorce escenas tomando como punto de partida a obra do autor. Seguindo esta referencia, realizouse unha adaptación en galego para achegala á realidade actual e aos intereses da idade do alumnado de sexto. Exemplo disto son as escenas da fachendosa, a do xogador de videoxogos, a da influencer das estrelas e a do mando militar.

No mes de xuño fixéronse dúas representacións: unha para as familias, no salón de actos de Bertamiráns e outra no centro para todo o alumnado, o 17 e o 18 de xuño respectivamente.